**Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*Campo da Feira, nº* 1 // *C.P.:* 15175// *Tel.: 981670002 Fax:* 981 6722 82// *C.I.F.: P-1502100 I*

***Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es***

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 2022/5, Ordinaria REALIZADA O xoves 29 de setembro de 2022 .**

**ASISTENTES**

**Presidente:**

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

**Concelleiros/as:**

PSdeG-PSOE

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES

PATRICIA BLANCO FIDALGO

Partido Popular

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

CARLOS BARBEITO REY

MARGARITA RAMILO VARELA

Alternativa dos Veciños

RUBEN ANTONIO CAAMAÑO RODRIGUEZ

SUSANA GUIMAREY GARCIA

FRANCISCO BELLO HERMIDA

MARÍA MERCEDES CARIDAD LOPEZ

No adscrito/a

FLORINDA DUARTE GERPE

**Ausencias:**

PSdeG-PSOE

PABLO COUTO LOPEZ

Partido Popular

DAVID FERNANDEZ BALSEIRO

**Interventora:**

NOEMI GONZALEZ MATO

**Secretaria:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)


CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

EVA JARDÓN LÓPEZ

**Técnica Xurídica de Administración Xeral**

SONIA CAMPOS ARES

HORA DE INICIO: 20:30

HORA DE REMATE: 22:32

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 20:30 do xoves 29 de setembro de 2022, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto 351/2022 do 26 de setembro de 2022 e segundo acordo plenario do 24 de xullo de 2019, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense en sesión 2022/5, Ordinaria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

O señores David Fernández Balseiro e don Pablo Couto López escusan asistencia.

ORDE DO DÍA

1. **<u>Parte resolutiva da sesión</u>**

1.1. Aprobación das actas 1/2022 (correspondente á sesión celebrada o 8 de febreiro de 2022) e 4/2022 (correspondente á sesión celebrada o 28 de xullo de 2022).

1.2. Aprobación da participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 2/2022 da Deputación Provincial da Coruña (2ª fase).

1.3. Aprobación festivos locais do Concello de Carral para o ano 2023

1.4. Aprobación inicial da modificación da Base 42 das de Execución do Orzamento para 2022, que é o prorrogado de 2021, para a asignación nominativa de subvencións durante o exercicio 2022.

1.5. Aprobación da conta xeral do Concello de Carral correspondente ao ano 2021.

CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

2. **Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación.**

2.1. Dación de conta de decretos da Alcaldía dende o número 280/2022 ata o 349/2022 e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello

2.2. Dación de conta dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados nas sesións celebradas o 26 de maio, 9 de xuño, 28 de xuño, 15 de xullo, 4 de agosto e 25 de agosto de 2022.

3. **Mocións dos grupos políticos, no seu caso.**

4. **Rogos e preguntas**

**PROPOSTAS ORDINARIAS**

**1.- Parte resolutiva da sesión**

**1.2.- Aprobación das actas 1/2022 (correspondente á sesión celebrada o 8 de febreiro de 2022) e 4/2022 (correspondente á sesión celebrada o 28 de xullo de 2022).**

O Alcalde pregunta aos concelleiros se teñen algunha obxección, o señor Mouriño di que na acta 4/2022 pon Bosende e que é Gosende con "G". A Secretaria toma nota.

Procédese á votación co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 11

2 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)


CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Abstencións: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Estado: APROBADA.

**1.2.- Aprobación da participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 2/2022 da Deputación Provincial da Coruña (2ª fase).**

Consta no expediente a proposta de Alcaldía que deseguida transcribo:

***"PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO***

*Asunto: Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)* ***"POS+ ADICIONAL 2/2022"*** *da Deputación Provincial da Coruña (2ª fase)*

*O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria do 27 de maio de 2022, aprobou a modificación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 para a regulación do POS+ADICIONAL 2/2022, para o financiamento de gastos correntes do exercicio 2022, investimentos financeiramente sostibles e revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais. Concretamente engádese a base 13 para a regulación do POS+Adicional 2/2022 así como os anexos XXII ao XXV cos modelos de documentación necesarios para a súa tramitación.*

*O Pleno deste Concello na sesión 1/2022, extraordinaria con contido de ordinaria, realizada o martes 08 de febreiro de 2022 acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*Campo da Feira, n° 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

***Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es***

*competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022 e aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se incluíron os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican así como aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:*

| ***Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)*** | ***Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)*** | ***IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)*** | ***Orzamento subvencionable (encher esta columna se se enche a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)*** |
|---|---|---|---|
| *Mellora no firme do camiño veciñal situado na parroquia de Santiago de Sumio, Val de Barcia, entre o lugar de Souto de Figueroa e o pazo de Vilasuso* | *66.611,64€* | - | *66.611,64€* |
| *Mellora peonil na rúa Alcalde Juan Seijas* | *155.946,03€* | - | *155.946,03€* |
| *Renovación da rede municipal de alumeado con tecnoloxía LED na estrada DP-2103 en Sergude Carral* | *48.298,25€* | - | *48.298,25€* |
| *Recuperación da Praza da Capela no concello de Carral* | *167.695,36€* | - | *167.695,36€* |
| ***TOTAIS*** | *438.551,28€* | - | *438.551,28€* |

CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

**Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

**Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es**

*O 20 de abril de 2022 recibiuse unha circular onde se lle comunicaba a este Concello a asignación do POS+AD 2/2022 para gastos correntes e/ou investimentos financeiramente sostibles e/ou revisión excepcional de prezos na cantidade de 340.583,06€.*

*O 30 de maio de 2022 recibiuse circular sobre a aprobación da modificación das bases reguladoras do POS+2022 onde se comunicaba aos concellos que podían aplicar a achega provincial asignada dentro deste plan ao financiamento dos tres obxectivos previstos nas bases reguladoras, podendo optar por aplicalo libremente a un só deles, a dous ou aos tres, isto é, a gastos correntes, a investimentos financeiramente sostibles e/ou á revisión excepcional de prezos. O POS+Adicional 2/2022 aprobarase en dúas fases e os concellos poderán participar nunha ou nas dúas fases. A primeira fase incluirá unicamente os investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2022, confirmando unicamente a súa inclusión antes do 30 de xuño de 2022, e a segunda fase incluirá o gasto corrente de servizos públicos obrigatorios, os novos investimentos financeiramente sostibles que o concello acorde financiar co cargo ao POS+AD 2/2022 e/ou revisión excepcional de prezos de contratos públicos de obras municipais antes do 05 de outubro de 2022.*

*O día 23 de xuño de 2022 ditouse a resolución da alcaldía 243/2022 modificando a resolución da alcaldía 229/2022, do 17 de xuño de 2022, na que se resolvía participar na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 da Deputación da Coruña confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada aos investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2022:*

| *Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2022* | *Financiamento dos investimentos* | | |
|---|---|---|---|
| | *Deputación* | *Concello* | *Orzamento total* |
| *Mellora no firme do camiño veciñal situado na parroquia de Santiago de Sumio, Val de Barcia, entre o lugar de Souto de Figueroa e o pazo de Vilasuso* | *66.611,64€* | *0€* | *66.611,64€* |
| *Mellora peonil na rúa Alcalde Juan Seijas* | *155.946,03€* | *0€* | *155.946,03€* |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | |
| *Total* | *222.557,67€* | *0€* | *222.557,67€* |

*Tendo en conta que na primeira fase do POS+AD 2/2022 se confirmou a inclusión de dúas das obras incluídas no POS Complementario ao POS+2022 por importe total de 222.557,67€, quedando un total de 118.025,39€ para incluír na segunda fase do POS+AD 2/2022, esta alcaldía ten a intención de destinar o importe total da segunda fase a gasto corrente polo que, por todo o anteriormente referenciado, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local,* ***PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO*** *que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes* ***ACORDOS:***

*1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)* ***"POS+ ADICIONAL 2/2022"*** *da Deputación Provincial da Coruña****,*** *cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:*

***A ) Financiamento de gastos correntes:***

| ***Gastos correntes*** | ***Deputación*** |
|---|---|
| *Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022* | ***118.025,39€*** |

***B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:***

| ***Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022*** | ***Financiamento dos investimentos*** |
|---|---|



CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| *Deputación* | *Concello* | *Orzamento total* |
|---|---|---|
| | | |

| *Achega municipal* | *IVE soportado deducible* | *Total concello* |
|---|---|---|

| *TOTAL* | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|

| *Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022* | *Financiamento dos investimentos* |
|---|---|
| | |

| *Deputación* | *Concello* | *Orzamento total* |
|---|---|---|
| | | |

| *Achega municipal* | *IVE soportado deducible* | *Total concello* |
|---|---|---|


CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

| ***TOTAL*** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|

*Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.*

***C ) Financiamento da revisión excepcional de prezos:***

| ***Revisión excepcional de prezos*** | ***Deputación*** |
|---|---|
| *Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais* | |

***D) Resumo de financiamento:***

| | | ***Concello*** | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ***POS+ ADICIONAL 2/2022*** | ***Deputación*** | ***Concello*** | ***IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable )*** | ***Total concello*** | ***Orzamento Total*** |
| ***Gastos correntes servizos obrigatorios*** | *118.025,39€* | - | | - | *118.025,39€* |
| ***Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022*** | | | | | |
| ***Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+*** | | | | | |



CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ***2022*** | | | | | |
| ***Revisión excepcional de prezos obras municipais*** | | | | | |
| ***TOTAL*** | ***118.025,39€*** | - | | - | ***118.025,39€*** |

*2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

*3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.*

*4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.*

*5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

*6.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

*Carral, na data da sinatura dixital*

*O alcalde*

*Francisco Javier Gestal Pose"*

O Alcalde cédelle a palabra á Concelleira de Facenda quen toma a palabra e expón que a proposta ratifica a que trouxemos no pleno anterior e que quedou sobre a mesa. Nós, dentro da responsabilidade, estamos seguros da necesidade que ten o Concello de Carral, de incluír a cantidade de 118.025,39 € para gasto corrente, tal e como o avala o informe da intervencion municipal, e que tiveron á súa disposición. Por certo, o cal aínda lin onte, e que nos enumera dunha maneira moi clara e directa todas as obrigacións que debe asumir o Concello como gasto corrente, e o incremento de custos que a data de hoxe hai nos mesmos.

Creo que todos os aquí presentes somos conscientes que para o Alcalde, sería máis fácil e mesmo máis vantaxoso incluír obras, xa que son máis fáciles de ver, que o sufragar o incremento dos gastos correntes que ten o Concello.

Quero tamén mencionar, que o Alcalde reuniuse cos portavoces, a principios do presente mes de setembro, para escoitar as súas propostas, as cales son inviables, tanto por prazos como por importes, e explícome:

Un dos proxectos que solicitan incluír, é o Saneamento de San Vicente de Vigo fase II.

Nós non somos técnico en urbanismo, nin obras nin infraestruturas…, pero consultamos con eles, que son os que saben e pedimos unha actualización de prezos do proxecto que obra no Concello, que data do ano 2019, e este proxecto alcanzaría o importe 360.000 € a data de hoxe.



CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Lembremos que o importe total asignado ao POS+Adicional son 340.583,06, polo que aínda no caso hipotético non posible de incluír só o saneamento de San Vicente, faltarían 20.000 euros e encima quedariámonos sen achega algunha ao gasto corrente, isto é facer caso omiso aos informes de intervención

Lembremos tamén que só temos unha actualización de prezos, non temos nin o proxecto a día de hoxe, nin informes técnicos nin autorizacións sectoriais…. de novo non fariamos caso ao Informe do técnico.

Outro dos proxectos que se propuxeron, neste caso pola voceira do grupo socialista, remitiu a súa proposta en data 9/9, foi unha actuación de "Mellora viaria de Cañás", e cuantificaban devandito proxecto en 90.000€. Esta é unha actuación moi necesaria, tal e como ratificou o Concelleiro de obras, que xa a ten en mente desde hai tempo, que vendo as cantidades dixo que era imposible facer esa obra por ese importe, e fomos novamente aos técnicos, que cifraron a actuación en 150.000€.

Pero non só non dan as cifras, tampouco dan os prazos, estamos a 29 de setembro de 2022, tal e como xa dixen, non temos ningún proxecto actualizado , non temos os informes, nin temos as autorizacións sectoriais e a data límite para presentar todo na Deputación é o 5 de outubro de 2022.

Por último recordo tamén, que o único que aprobou o alcalde por decreto de alcaldía, na primeira fase deste POS Adicional, foron as obras xa aprobadas polo Pleno, respectando a orde rigorosa de obras do acordo plenario, que por certo aprobouse a emenda presentada polo PSOE.

Ben, pois por todo o exposto, solicitamos ao pleno o apoio desta proposta, xa que sería lamentable perder este diñeiro que tanta falta faille ao Concello de Carral. Estamos a falar de que perderiamos 118.025,39 €.

Consta no expediente emenda á proposta de Alcaldía, presentada en data 28 de setembro de 2022, rexistro de entrada 202299900000669, por dona Patricia Blanco Fidalgo, voceira do Grupo Socialista do Concello de Carral, que de seguido transcribo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*"Enmienda:*

*Enmenda ó punto 1.2. Aprobación da participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ ADICIONAL 2/2022 da Deputación Provincial da Coruña (2ª fase) da Orde do Día do Pleno 05/2022.*

***MOTIVACIÓN***

*O Grupo Socialista considera:*

- *Innecesaria a obra proposta de mellora peonil na rúa Juan Seijas debido a que:*

o *non hai ningunha situación de perigo grave e inminente*

o *non existe unha demanda unánime por parte da comunidade educativa neste sentido*

o *existen solucións máis económicas para acadar o mesmo obxectivo, como se falou na reunión mantida o pasado día 7 de setembro*

- *Excesiva a contía de 118.025,39€ para gasto corrente.*
- *O POS aínda que permita destinar parte dos fondos a gasto corrente, ten como finalidade obras e servizos de competencia municipal polo que non consideramos que destinar un 35% destes fondos a gasto corrente estea na liña da filosofía do citado Plan, especialmente cando o Concello de Carral leva dous anos consecutivos xerando remanente.*

***PROPÓN***

*Modificación deste punto da orde do día incluíndo unicamente a seguintes obras que consideramos absolutamente prioritarias:*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)


CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- *Novo saneamento en San Vicente de Vigo (fase 2) incluido no Complementario do POS 2020.*
- *Mellora no firme do camiño veciñal situado na parroquia de Santiago de Sumio, Val de Barcia, entre o lugar de Souto de Figueroa e o pazo de Vilasuso"*

Dona Patricia toma a palabra para expor a emenda, sinala que a mellora da rúa Alcalde Juan Seijas non é necesaria, ou polo menos non é prioritaria, pois non hai situación de perigo, non hai unha demanda da comunidade educativa, que en reunión co noso grupo mostrouse sorprendida e consideramos que existen solucións máis económicas, como de feito comentamos na reunión que tivemos, e a propósito da reunión dicir que foi convocada para o día 24 de agosto, e non puiden vir, porque estiven 15 días de baixa. Consideramos que a cantidade de 118.025,39 a gasto corrente é exaxerado, e que aínda que o POS permita destinar parte dos fondos a gasto corrente, ten como finalidade obras e servizos de competencia municipal polo que non consideramos que destinar un 35% destes fondos a gasto corrente estea na liña da filosofía do citado Plan, especialmente cando o Concello de Carral presume de levar dous anos consecutivos xerando remanente, e de feito no último pleno aprobouse a disposición dese remanente para obras. Por que non se destinou a gasto corrente, en lugar de utilizar o POS?.

Por iso propoñemos a obra de saneamento de San Vicente de Vigo, nos sorprende moito que no POS do 2020, cando se aprobou este proxecto era de 240.000 e segundo informe do técnico municipal o incremento é dun 48% en dous anos, penso que habería que revisar dita cantidade, e tempo houbo dende o 27 de xullo cando quedou todo isto sobre a mesa.

En canto a mellora no firme no camiño veciñal na parroquia de Sumió estamos todos de acordo, e a mesma que levan vostedes.

A mellora nos tramos da estrada de Cañás, que comentamos, valoradas polo enxeñeiro de camiños, Pablo Couto, era de 90.000 ata os 150.000 está equivocado nun 66,67%.

A emenda a teñen todos, e nos parece unha perda de tempo, unha falta de respecto e un comportamento antidemocrático convocarnos aos voceiros para volver a plantexar o mesmo que trouxeron ao pleno de xullo.

E os 118.000 euros non hai ningún motivo para perdelos, podemos aprobar esta emenda ou non aprobala, pero hai varios proxectos que se presentaron a outros POS que se poden aprobar por Decreto de Alcaldía, polo que os 118.000 non os vamos a perder nos, vanos a perder vostedes.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Eu lle din a miña palabra de que por min e por o noso grupo non se ían a perder eses cartos, e manteño a miña palabra, porque entendo que as subvencións e todo o que sexa diñeiro de outras administracións públicas ten que vir para o Concello sempre, pero non para libre disposición, senón para algo concreto, polo que aprobe por decreto de Alcaldía calquera outra obra, ten un montón delas.

A prioridade para nos é o saneamento de San Vicente, vostede díxome na reunión que ía ir no POS 2023, terei que fiarme da súa palabra, no caso de que non vaia agora.

Plantexamos tamén que para a obra "Mellora peonil na Rúa Juan Seijas" podíase optar por unha solución máis barata, como se fixo nos Cantóns na Coruña, e falando coa AMPA non o considera prioritaria e a min trasladáronme que incluso se sentiron enganados. E no tema dos incrementos de prezos, non estamos de acordo con eles.

Non somos responsables nin da incapacidade do equipo de goberno de xestión, nin de non chegar a acordos, non podes convocar as persoas para levar exactamente o mesmo, non facer caso a ningunha das recomendacións e non pode pretender gobernar con cinco persoas como si foran dez, ten a capacidade de obter os cartos por decreto de alcaldía porque hai moitas obras desde o ano 2020.

O informe de intervención chámame a atención, en canto ás comparativas de prezos, que compara 2022 con 2021, non coa previsión que había para 2022 e aínda así hai unha diferenza importante, hai un problema de tesourería, pero para iso están os remanentes, usamos o que aforramos o ano pasado, como facemos as familias. De feito, na reunión que mantivemos, estaba disposto a incluír algunha obra e reducir o gasto corrente, por iso o motivo de emenda, fundamentalmente porque é moi necesario o saneamento, pero tamén porque non se lle pode deixar ao goberno 118.000 para que gaste sen ningún tipo de fiscalización. Con vostedes é imposible, non hai maneira de chegar a acordo, buscan a bronca, o titular e demais. Eu pola miña parte pido que como goberno en minoría decida buscar acordos, pero buscalos, non chegar a unha reunión coa decisión xa tomada. Vostedes na reunión buscaban o noso apoio, así o deixaron claro na reunión e nas redes sociais, que por certo, nas redes sociais distingan o Concello de Alternativa, porque nunca sabemos se é propaganda electoral o algo institucional o que estamos vendo. Pero en definitiva, non se van a perder eses cartos, sempre e cando vostedes non queiran perdelos.

O Alcalde contesta que en canto ao de aprobar por Decreto, as dúas primeiras obras foron xa aprobadas por decreto de alcaldía, entón non se pode volver a aprobar por decreto, aquí o que tratamos son os 118.000 euros que van a gasto corrente, polo que se vostede presenta un proxecto de 240.000 euros, como facemos?.

CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Don Patricia contesta que inclúa os outros proxectos que ten, os dos POS 2020, 2021 e 2022.

O Alcalde contesta que non pode, ata o 30 de xuño podiamos facer a modificación por decreto.

Dona Patricia pregunta que se como vostede presentou eses dous proxectos agora xa non pode voltar para atrás? E o Alcalde contesta que non, ao que a señora Fidalgo di que iso non é o que lle trasladaron en Deputación.

O Alcalde di que feita unha consulta a Deputación contéstanos que nesta segunda fase o prazo de presentación remata as 15:00 horas do día 5 de outubro, tal e o como se indica expresamente na Base 3.4 sen previsión de posibilidade de prorroga. Don Patricia di que non preguntou iso, que pregunta si o que se presentou antes do 30 de xuño non se pode votar para atrás? E o Alcalde di que non, e dálle a palabra á Secretaria.

A Secretaria explica que os servizos económicos e os servizos xurídicos valoraron a emenda que presentou o grupo socialista e aclarando a mecánica, di que o POS complementario ten dúas fases, unha primeira fase, que finalizou o 30 de xuño, nela podíanse ratificar os proxectos xa aprobados polo Pleno, no caso de Carral aprobáronse unha serie de proxectos no pleno de 8 de febreiro de 2022 e por decreto de Alcaldía ratificouse a inclusión da obra *"Mellora no firme do Camiño Veciñal situado na parroquia de Santiago de Sumio, Val de Barcia, entre o lugar de Souto Figueroa e o pazo de Vilasuso"* e a obra *"Mellora peonil na rúa Alcalde Juan Seijas"*. Esa primeira fase está pechada e agora mesmo xa está na intervención da Deputación, non podemos tocala.

Ábrese entón unha segunda fase, para a cal, o órgano competente para decidir é o Pleno, e ese acordo plenario refírese unicamente aos 118.025,39.

Valoramos as obras propostas na emenda, respecto da Mellora no firme do camiño veciñal, non hai problema, e vaise executar no momento no que Deputación de o viste e prace, e respecto da obra do Saneamento en San Vicente de Vigo, temos o proxecto que mencionan, que habería que actualizar e pedir informes sectoriais, pero no habería crédito para facer a achega municipal, porque Deputación daría 118.000 e o proxecto valora a obra en 241.000 e o técnico municipal di que son 360.000, hai unha diferencia para a que non hai crédito, polo que non se podería executar a obra, o que indirectamente suporía a perda dos 118.000.

Dona Patricia pregunta se o que se presentou na primeira fase non se pode tocar? E a Secretaria contesta, que non, que a primeira fase está pechada e xa non depende do Concello.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A señora Fidalgo, di que había obras para las que si había crédito e deixarlle ao Concello 118.000 euros que leva dous anos con remanente, e no mes de xullo falouse no Pleno, e dixeron que no caso de que se propuxeran obras eles votarían a favor.

O Alcalde dálle a palabra a dona Florinda, quen sinala que despois de escoitar a intervención da Concelleira de Facenda que ratifica a proposta que quedou sobre a mesa o 26 de xullo, o que pensa é que vostedes tómannos o pelo. O Alcalde convocoume unha reunión para o martes 30 de agosto, hoxe estamos a 29 de setembro, e solicitoume a miña proposta e solicitei por escrito que tivera enriba da mesa os proxectos que hai sen facer dos anos anteriores, contestoume que fora máis concreta, estaba pedindo os proxectos que hai do POS. Cando fun á reunión contesta como se alguén estivera gravando a reunión e non entendo como é posible que nos convoque a cada voceiro por separado, advertinlle que despois era necesario unha convocatoria a todos os voceiros para traer aquí unha proposta conxunta.

Na contestación despois da reunión di que para dita obra, que propuxen verbalmente, o saneamento en San Vicente de Vigo, existe un proxecto de decembro de 2019 redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos dona Ana María García Mayo que non se atopa actualizado e que debido aos cambios económicos e conxunturais producidos nos últimos tempos, por todos coñecidos, sufriría un cambio a nivel económico importante pois segundo a valoración elaborada polo técnico municipal de data 14 de setembro de 2022 alcanzaría un importe total aproximado de 360.000€. Ata o día que vostede contestou, había unha posibilidade de incluílo e hoxe debemos votar incluílo, pese ao que di a Secretaria do Concello, porque se isto non fora certo, vostede non contestaría isto, contestaríanos o que acaba de dicir a Secretaria. Polo tanto, estou de acordo coa emenda do Partido Socialista, debemos votar a favor da “Saneamento de San Vicente de Vigo” aínda que o importe sexa de 360.000 euros o orzamento do POS é de 340.583 euros faltarían por abonar 20.000 euros do Concello, que cunha modificación puntual dos órganos colexiados vostedes non teñen que buscar diñeiro noutra parte, dado que o señor Couto e a señora Lucía xa non perciben as súas asignación hai diñeiro suficiente no Concello.

Agora recordo as súas palabras cando vostedes renunciaron a un millón de euros no centro de Carral para reformar as aceras, vostedes dixeron aquí que había que aportar 360.000 euros para acometer esa obra, e que non estaban dispostos a hipotecar o POS porque viña destinado para acometer obras en todo o Concello. Todo o Concello non é gastar agora 118.000 euros en gasto corrente. Noutros tempos tivemos que reducir os gastos e vostedes non os están reducindo e a interventora está dicindo que non lles chegan os cartos para

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)


CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

pagar a luz ou a limpeza viaria e o metemos dentro do POS e quitamos este marrón e eu estou totalmente en contra. O Pleno é soberano e pode modificar as obras que estime oportunas, miña proposta é apoiar a emenda do Partido Socialista e que votemos a obra do saneamento completa.

E para rematar dicir que a concelleira di que a 29 de setembro non hai informes e dígolle unha cousa, o 30 de agosto tiven unha reunión co Alcalde, e a concelleira do Partida Socialista tívoa o 9 de setembro e se non teñen o traballo feito é un problema seu.

O Alcalde contesta que fala de que o Concello ten que por só 20.000 euros e creo que non se enterou moi ben de como vai iso, hai aprobada unha primeira fase por importe de 22.557,67 euros e aquí o que se ven debater son 118.000 euros que se meten en gastos correntes, o que non podo é meter unha obra de 340.000 euros, 118.000 se resta non son 20.000 euros.

Don Florinda contesta que a súa concelleira dixo que a obra ascendía a 360.000 e que o POS eran 340.583 e dixo tería que aboar a cantidade de 20.000 euros.

Dona Susana pide a palabra e repite que o importe total asignado ao POS+Adicional son 340.583,06, polo que aínda no caso hipotético non posible de incluír só o saneamento de San Vicente, faltarían 20.000 euros, caso hipotético non posible e insiste nesta expresión.

A señora Duarte contesta que ela entendeu o que dixo a Secretaria e que as cifras son as que teño apuntadas, dáme igual se é hipoteticamente non posible ou hipoteticamente posible, eu propoño ao Pleno que se aprobe a "Segunda fase do saneamento de San Vicente" e que se lle comunique a Deputación que se retiran do POS as dúas obras que foron aprobadas por Decreto de Alcaldía.

Dona Patricia pregunta, se os dous decretos aprobados pola Alcaldía e non se poden tocar, por que veñen ao Pleno, porque non veñen só os 118.000 euros?

O Alcalde di que o que ven ao pleno son só os 118.000 euros destinados a gastos correntes.

O Alcalde lle da a palabra ao señor Mouriño, que di que non sabe se recordan que no ano 2018 veu unha subvención da deputación para colocar os pasos de peatóns tanto en Carral como en Tabeaio, estamos a 2022 e esta sen contratar, con isto quero dicir que non todo é imposible, e todos os Concellos fan modificacións nos Plans de Obras e Servizos, por isto señora Jardón non debe asegurar de forma tan taxante o que acaba de dicir de que isto non ten volta atrás, todos os acordos plenarios das corporacións municipais pódense revocar, modificar e presentar na Deputación con modificacións e ademais con votos. Este partido que nos goberna só ten 5 concelleiros e para ser maioría absoluta fan falla 7 e polo tanto están obrigados a

CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

chegar a acordos. Sorprendeume moitísimo que non nos chamara a todos os voceiros o mesmo día para plantear os problemas que había, e esperaba que nos volvera a convocar a todos. Eu propuxen o saneamento de San Vicente de Vigo, que foi ao POS do ano 2020 e tiña todas as bendicións e aínda que sexa necesario adaptar o proxecto pode haber baixas. Consideramos que é necesario retirar a obra de Juan Seijas non a consideramos necesaria, e imos votar a favor da emenda do grupo socialista. Pero en ningún caso se perderán os 118.000 euros, porque trátase dun plan de Deputación, pero entendemos que o saneamento é prioritario.

Pide a palabra dona Susana que di que no caso do proxecto de saneamento de San Vicente non só pediron valoración ao técnico municipal, tamén se puxeron en contacto coa redactora quen empezou a valorar as cifras e só valorando o incremento de prezo na tubaxe ía con 350.000 euros e vostede fala de baixas, pero hoxe en día moitas obras quedan desertas. E entende que a dona Patricia lle pareza moito a subida, pero podemos falar con datos e podémonos reunir cos redactores.

Dona Patricia pregunta se isto era hipotético non posible porque se tomaron tantas molestias en pedir tantas ofertas, o señor Francisco contesta que foi para valorar as propostas dos voceiros.

O Alcalde dálle a palabra á Interventora que di que no caso de que se aprobe a emenda ela non pode certificar a existencia de crédito para enviar a Deputación, e a modificación de crédito que sinalaba a señora Duarte non é posible nestes días porque é entre distintos grupos de función, tería que vir ao Pleno e publicarse 30 días e antes do 5 de outubro é imposible facela e nestas partidas que se podería facer, do grupo de función 1 que son os servizos básicos municipais non se pode sacar porque non chegaríamos a final de ano, polo que o meu certificado de existencia de crédito non irá na solicitude de subvención se sobrepasa os 118.000 euros que o que nos da a Deputación. E a Secretaria reitera que o Pleno ten que acordar o destino de 118.025,39 euros.

A señora Duarte di que despois de escoitar á Secretaria e á Interventora, que advirten que non hai crédito suficiente para a acometida do punto que deixamos sobre a mesa o día 26 e que vostede aprobou por decreto de Alcaldía dúas obras que esta oposición non estaba de acordo. Planteamos dúas cousas distintas, aprobar a emenda do Partido Socialista e pedir as prorrogas necesarias para ter o proxecto do saneamento en orde e ter os informes da Interventora do Concello.

O Alcalde lle contesta que dixo que non estaba de acordo con estas obras, pero votou a favor delas o 8 de febreiro de 2022.

CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Dona Florinda di que ten as ideas claras do que pretenden facer e este punto deixámolo sobre a mesa o día 26 e vostede decidiu unilateralmente aprobalas por Decreto de Alcaldía, e agora vai un acordo plenario cun cambio de obra, eu asumo as consecuencias, cal é o problema, que votemos e que dentro dun mes ou 15 días nos digan que non o aceptan na Deputación, quero ver o papel da Deputación. Vostede sabía antes do pleno que non había consenso, e advertinlle que nos convocara a todos, porque non ten xeito que nos convoque por separado e que non este a Secretaria para advertirnos e tomar nota do que se fala nesa reunión. E agora pásame papeis, o Alcalde di que é o papel da Deputación, dona Florinda contesta que dende o 30 de agosto que houbo a reunión ata o día de hoxe tivo tempo e tempo se tiña algún papel que amosar e está utilizando arquimañas para gobernar por Decreto de Alcaldía e vostedes están en minoría. O Pleno é soberano e dende o meu punto de vista débense votar as propostas que veñen.

O Alcalde contesta que esta utilizando unha palabra que non lle corresponde ao Pleno, que é soberano, o Pleno ten unhas competencias o que é distinto, mire a palabra soberano e a palabra competencias.

A señora Guimarey pide a palabra e di que eles tiveron en conta todo o que se falou nas reunións, que a ela lle trasladaron que o señor Mouriño falou da posibilidade de pedir unha prorroga e preguntamos a Deputación, a resposta esta aquí, que era o que lle mostraba o Alcalde a señora Duarte e que ela non quixo ler. Vou ler o que preguntamos e o que contestaron, *consultamos a opción de solicitar prorroga, confirmen por ese organismo que segundo as bases de Plan de Cooperación POS+ se os prazos son improrrogables.* Eles nos remiten as bases e despois di, "*nesta segunda fase o prazo de presentación desta documentación necesaria, remata as 15 horas do 5 de outubro de 2022 tal e como se indica expresamente na base 3.4 sen previsión de posibilidade de prorroga*".

Eu fíome dos informes, neste caso, emitido pola Deputación, fíome dos importes dos prezos que me dan os técnicos municipais e os externos, fíome do que di a Secretaria e do que di a Interventora, se vostedes non se fían de ninguén e seguen emperrados en que imos levar o saneamento, vostedes verán, pero o que queda claro é que o Concello de Carral perde 118.000 euros.

Dona Patricia pregunta se o prazo que era o 5 de outubro xa o sabiamos o 27 de xullo, prazo improrrogable, o señor Mouriño di que non pon improrrogable, di sen previsión de prorroga. Dona Patricia di que nas bases non pon a palabra prorroga por ningún lado, pero que iso non quere dicir que non se poda.

Don Carlos di que si estamos así é porque o señor Alcalde pasouse polo forro o que se aprobou no último Pleno, o Alcalde lle di que teña un pouco de... e o señor Carlos di que lle chame ao orde.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Antes de proceder á votación a Secretaria explica que no caso de prosperar a emenda xa non se votará a proposta de Alcaldía.

Non habendo máis debate procédese á votación da emenda co seguinte resultado

Votacións:

Votos a favor: 6

2 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 5

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Resultado: Maioría simple.

Estado: Prospera a emenda que queda APROBADA, decaendo a proposta de Alcaldía.

**1.3.- Aprobación festivos locais do Concello de Carral para o ano 2023**

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)


CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I*

***Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: http://sede.carral.es / Correo electrónico: correo@carral.es***


***" PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO***

***ASUNTO: Proposta de fixación de festas laborais locais do Concello de Carral para o ano 2023***

*Logo de ver que nestas datas aínda non se recibiu o habitual escrito remitido todos os anos polo Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, solicitando do Concello a proposta de determinación de festas laborais locais para o ano seguinte (2023), (de acordo co establecido no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derrogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo), e a súa remisión ao departamento territorial da devandita Consellaría, mais en previsión de tal requirimento.*

*Tendo en conta que, dos festivos tradicionais no Concello de Carral (Martes de Entroido que no ano 2023 celébrase o 21 de febreiro e festa da Virxe do Socorro, que se celebra o 8 de setembro), o segundo deles non coincidirá en 2023 en domingo.*

*En uso das atribucións que me confiren coma Alcalde os artigos 21.1 a), e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante ), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,* ***PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO****, que, previo o preceptivo ditame da Comisión Informativa correspondente, coma órgano competente ao efecto, de acordo co artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, adopte os seguintes* ***ACORDOS:***

| *ASOCIACIÓN CULTURAL FESTAS DE CARRAL* | *G-70509922* | *CULTURA-FESTAS* | *-Axuda para a organización de actividades propias das festas patronais do Concello de Carral (concertos, actividades culturais, aluguer de materiais e equipamento, contratación de grupos, etc.)* | *7.000,00 €* |
| *ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS* | *B15315260* | *CULTURA* | *-Organización de actividades culturais (exposicións, chalas,* | *1.000,00 €* |



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| *"NOSA SEÑORA DO SOCORRO"* | | | *obradoiros, ....) que beneficien á poboación de Carral,*<br>*-Divulgación da Cultura entre a poboación carralesa,*<br>*-Materiais e equipamentos necesarios para o desenrolo da súa labor.*<br>*-Etc.* | |
| *ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "O RUEIRO DE TABEAIO"* | *G15341449* | *CULTURA* | *-Organización de actividades culturais (exposicións, chalas, obradoiros, ....) que beneficien á poboación de Carral,*<br>*-Divulgación da Cultura entre a poboación carralesa,*<br>*-Materiais e equipamentos necesarios para o desenrolo da súa labor.*<br>*-Etc.* | *1.000,00 €* |
| ***SUBVENCIONS NOMINATIVAS A ENTIDADES MEDIOAMBIENTAIS*** | | | | |
| ***ENTIDADE*** | ***CIF*** | ***MODALIDADE*** | ***POSIBLES APORTACIÓNS-CUSTOS*** | ***IMPORTE*** |
| *ASOCIACIÓN DE CUSTODIA DO TERRITORIO DE CARRAL "BREXA"* | *G-70552807* | *MEDIO AMBIENTE* | *-Organización de actividades medioambientais nos centros educativos da localidade.*<br>*-Coidado e mantemento dos terreos cedidos en custodia polo Concello de Carral.*<br>*-Reforestación con árbores autóctonas.*<br>*-Materiais e equipamentos necesarios para o desenvolvemento da súa labor.*<br>*Etc.* | *1.200,00 €* |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| ***SUBVENCIONS NOMINATIVAS CON ENTIDADES DEPORTIVAS*** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ***SUBVENCIONS NOMINATIVAS CON ENTIDADES DEPORTIVAS*** | | | | |
| ***ENTIDADE*** | ***CIF*** | ***MODALIDADE*** | ***OBXECTO PREVISTO DA AXUDA*** | ***IMPORTE*** |
| *U.D. CARRAL* | *G-15128671* | *FÚTBOL* | *-Desenrolo de escolas fútbol base<br>-Axuda nas competicións deportivas de ámbito local-provincial.<br>-Organización de torneos e campus deportivos que beneficien á poboación de Carral.<br>-Adquisición de material e equipamento para a práctica deportiva<br>-Axuda ao transporte ás diferentes competicións.<br>-Escolas deportivas de balonmán e fútbol sala<br>- Etc.* | *8.500,00 €* |
| *CLUB PATINAXE ALQUIMIA CARRAL* | *G-15954332* | *PATINAXE* | *-Axuda para a participación nas competicións deportivas (local-autonómico-nacional e internacional),<br>-Axuda ao transporte ás diferentes competicións,<br>-Organización de torneos e campus deportivos que beneficien á poboación de Carral,<br>-Materiais e equipamentos deportivos.* | *1.450,00 €* |



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | *- Licencias federativas,*<br>*-Etc.* | |
| *CLUB XIMNASIA RÍTMICA CARRAL* | *G-70428602* | *XIMNASIA RÍTMICA* | *-Axuda para a participación nas competicións deportivas (local-autonómico e nacional),*<br>*-Axuda ao transporte ás diferentes competicións,*<br>*-Organización de torneos e campus deportivos que beneficien á poboación de Carral,*<br>*-Materiais e equipamentos deportivos.*<br>*- Licencias federativas,*<br>*-Etc.* | *1.100,00 €* |
| *CENTRO ECUESTRE FINCA ABRIGOSA* | *G-70511464* | *HÍPICA* | *-Axuda para a participación nas competicións deportivas (local-autonómico e nacional),*<br>*-Axuda ao transporte ás diferentes competicións,*<br>*-Organización de torneos e campus deportivos que beneficien á poboación de Carral,*<br>*-Materiais e equipamentos deportivos.*<br>*- Licencias federativas,*<br>*-Colaboración en diversas festividades do concello,*<br>*-Etc.* | *1.200,00 €* |
| *CLUB DEPORTIVO ARES RACING* | *G-70152061* | *AUTOMOBILISMO* | *-Axuda para a participación nas competicións deportivas (local-autonómico e nacional),*<br>*-Axuda ao transporte ás diferentes competicións,* | *1.200,00 €* |



CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | *-Materiais e equipamentos deportivos.<br>-Licencias federativas,<br>-Colaboración en diversas festividades do concello,<br>-Charlas seguridade viaria e outras,<br>-Etc.* | |
| *CLUB BTT CARRAL* | *G-70452446* | *CICLISMO* | *-Axuda para a participación nas competicións deportivas (local-autonómico),<br>-Axuda ao transporte ás diferentes competicións,<br>-Organización e colaboración en probas deportivas que beneficien á poboación de Carral,<br>-Materiais e equipamentos deportivos.<br>-Etc.* | *1.000,00 €* |
| *CLUB DE TIRO OLÍMPICO* | *G-15617491* | *TIRO OLÍMPICO* | *-Axuda para a participación nas competicións deportivas (local-autonómico),<br>-Axuda ao transporte ás diferentes competicións,<br>-Organización e colaboración en probas deportivas que beneficien á poboación de Carral,<br>-Etc.* | *700,00 €* |

***Segundo.-*** *Expoñer ao público a modificación das bases de execución do orzamento, por prazo de quince días, mediante anuncio no Boletín oficial da provincia e no taboleiro do Concello, a efectos da presentación de reclamacións polos interesados.*



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***Terceiro.-*** *Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.*

***Cuarto.-*** *Remitir copia as administracións correspondentes.*

*Carral, na data da sinatura dixital*
*O alcalde*

*Francisco Javier Gestal Pose"*

O Alcalde explica que se propón ao Pleno a aprobación inicial da modificación da base de execución 42 do orzamento do ano 2022 que é o prorrogado do ano 2021 a fin de poder conceder por parte de este Concello, subvencións nominativas as asociacións culturais e deportivas.

O Alcalde dálle a palabra a dona Florinda que di que neste punto está a favor de que se faga esta modificación, pero que estivo estudando a documentación e lamenta que haxa asociacións que poderían ter axuda ampliando un pouco máis estes convenios, pero claro, hai que conter o gasto, e isto que se fai para os clubes, as comisións de festas é bo, pero aquí ten un problema, porque terá que reducir o gasto de algún lado, e terán que mirar de onde reducir o gasto.

Os restantes voceiros non teñen nada que dicir polo que se procede á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 11

2 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: APROBADA.

**1.5.- Aprobación da conta xeral do Concello de Carral correspondente ao ano 2021.**

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno:

***"PROPOSTA DE ACORDO***

*Logo de formar a Intervención do Concello de Carral (A Coruña) a conta xeral correspondente ao exercicio de 2021, e de poñer as contas e a documentación complementaria que a integran a disposición de todos/as os/as membros da Corporación e, por tanto, dos/as integrantes da comisión especial de contas do Concello dende o 9 de xuño de 2022, en cumprimento do establecido no artigo 212.4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a devandita comisión emitiu informe favorable ao respecto na súa sesión realizada o 30 de xuño de 2022.*

*En cumprimento do establecido no art. 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, a conta xeral e o devandito informe da comisión especial de contas quedaron expostos ao público por prazo de 15 días dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 134, do 15 de xullo de 2022, durante os cales e oito máis os/as interesados/as tiveron a oportunidade de presentar reclamacións, reparos ou observacións.*



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Dado que, segundo o informe emitido o 5 de setembro de 2022 pola auxiliar do rexistro xeral do Concello, durante o devandito prazo non se presentou ningunha reclamación ao respecto, polo que non procede o seu exame pola comisión especial nin a emisión de novo informe, **PROPOÑO AO PLENO** a adopción dos seguintes acordos, en cumprimento do establecido nos artigos 212.4 e .5, e 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, da Lei 7/1988. de 5 de abril, de Funcionamento do Tribunal de Contas, e 25.2 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia:*

***Primeiro.-** Aprobar a conta xeral do Concello de Carral correspondente ao exercicio de 2021.*

***Segundo.-** Render ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia a devandita conta xeral debidamente aprobada.*

*Carral, na data da sinatura que figura ao marxe*

*O Alcalde*
*Francisco Javier Gestal Pose"*

O Alcalde explica que o punto refírese á aprobación da conta e a rendición da mesma ao Tribunal e ao Consello de Contas.

O Alcalde dálle a palabra a dona Florinda quen sinala que non ten nada que dicir, que é a xestión do equipo de goberno e que o seu voto vai ser abstención.

Os restantes voceiros non teñen nada que dicir polo que se procede á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 7

2 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Abstencións: 4

0 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Resultado: Maioría absoluta.

Estado Proposta: APROBADA.

**2.- Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación.**

2.1.- Dación de conta de decretos da Alcaldía dende o número 280/2022 ata o 349/2022 e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello

2.2.-Dación de conta dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados nas sesións celebradas o 26 de maio, 9 de xuño, 28 de xuño, 15 de xullo, 4 de agosto e 25 de agosto de 2022.

**3.- Mocións dos grupos políticos.**

O Alcalde pregunta se hai algunha moción e dona Patricia, voceira do Grupo Socialista di que ela presentou hoxe pola tarde a seguinte moción:

***"MOCIÓN EN REXEITAMENTO DO VETO Á PESCA DE FONDO POR PARTE DA COMISIÓN EUROPEA***

*O Grupo Municipal Socialista do Concello de Carral, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:*


Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

## *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*O Regulamento 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común recolle a posibilidade de prohibir a pesca en determinados lugares, especialmente sensibles, de augas profundas.*

*No ano 2016 aprobouse en Europa o Regulamento 2016/2336 del Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de decembro de ese ano, específico de augas profundas que sinala que, a máis tardar o 13 de xaneiro de 2018, a Comisión Europea adoptará os actos de execución con obxecto de establecer unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou que sexa probable que existan entre os 400 e 800 metros de profundidade sobre a base da mellor información científica e técnica dispoñible, tendo presentes tamén as avaliacións e identificacións levadas a cabo polos Estados membros e o organismo científico consultivo. Deste xeito prohibirase a pesca con artes de fondo en todas as zonas incluídas na lista que será revisada cada ano.*

*A Comisión Europea non deu cumprimento ao contemplado no citado Regulamento de 2016, mais recentemente coincidindo coa Conferencia dos Océanos en Lisboa, celebrada entre os días 26 de xuño e 1 de xullo do presente ano, o comisario de pesca europea fixo público que o organismo comunitario estaba a examinar se continuaba coa adopción dun regulamento para prohibir a pesca de fondo en zonas vulnerables, que afectaría a 94 áreas de augas comunitarias do Atlántico Nororiental. Decisión adoptada xusto despois de que no debate no Comité de Pesca, no que se tiña que dar o visto e prace a tal decisión non se acadara a maioría necesaria para sacar esta votación adiante. España, xunto con Irlanda, votaron en contra desta prohibición.*

*O 15 de setembro a Comisión Europea adoptou a decisión de pechar á pesca de fondo 87 zonas ao longo da plataforma continental mariña comunitaria que foi publicada o 19 de setembro no Diario Oficial da Unión Europea (UE) a través do regulamento que entrará en vigor nun prazo de 20 días.*

*Este veto sumamente prexudicial para os intereses da frota galega, nomeadamente das persoas que traballan na zona de litoral e Gran Sol, levouse a cabo sen o diálogo necesario, a pesar de ser un tema de vital transcendencia. Por parte dos órganos comunitarios non se lles consultou aos estados membros dunha forma seria, así como tampouco se tivo en conta ao sector pesqueiro. A esta falta de diálogo preocupante súmaselle ademais que se pretende executar este veto sen achegar os suficientes*



CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*argumentos científicos e técnicos que o avalen e sen un verdadeiro estudo socieconómico que analice o impacto desta prohibición no propio sector.*

*Novamente, España, xunto a Irlanda e Francia conseguiron incluír na orde do día do Consello de Ministros de Pesca da UE do día 26 de setembro o tema do veto da CE á pesca de fondo, para novamente amosar o seu rexeitamento a tal medida, tanto por motivos de:*

- *FORMA: porque despois da non adopción por falla de maioría do ditame do Consello Consultivo , unha soa reunión o pasado 26 de xullo non é unha forma seria de consultar ao sector nin aos Estados Membros. –*

- *FONDO: o informe do ICES non é actual nin cubre o conxunto de decisións que en base a este regulamento de execución está a adoptar a Comisión Europea e inclúe modalidades como o palangre de fondo, que non estaban consideradas, así como medidas en augas que non chegan aos 400 metros de profundidade.*

*Por todo o exposto, e ante un novo ataque máis da Comisión Europea ao executar finalmente o seu veto á pesca de fondo, unha decisión que suporá a ruína dunha parte moi importante da nosa frota pesqueira, o grupo municipal do PSOE , solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Carral a adopción dos seguintes acordos:*

*1. Amosar o seu total apoio ao sector pesqueiro galego ante un novo ataque das institución comunitarias co veto da Comisión Europea á pesca de fondo, rexeitando rotundamente esta medida de veto á pesca de fondo.*

*2. Demandar da Xunta de Galicia que apoie as medidas e accións solicitadas polo Goberno do Estado á Comisión Europea para que:*

*a. Suspenda a aplicación do regulamento de execución que veta á pesca de fondo 87 zonas do Atlántico Nororiental.*

*b. Que proceda a súa revisión inmediata cos datos científicos actualizados, que xa están dispoñibles, e que xa están no poder da Comisión Europea.*

*3. Demandar da Xunta de Galicia que presente un recurso ante a xustiza europea contra o regulamento da Comisión Europea que prohibe a pesca de fondo en 87 zonas sensibles, tal e como anunciou publicamente, e, en liña co que presente o Estado e o propio sector.”*



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Exposta a moción procédese á votación da urxencia co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 11

2 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Ratificada a urxencia por unanimidade procédese ao debate da moción, o Alcalde dálle a palabra aos voceiros, don Jose Luis toma a palabra para dicirlle a señora Blanco que non é forma de presentar unha moción, as mocións deben presentarse dous días antes, cando se fai a convocatorio do Pleno, non é normal que agora in voce presente unha moción na que está requirindo a distintas Administracións unhas cousas que nos a hora de votar non sabemos se contémplanse así ou non.

Eu algo lin e vexo gravísimo as decisións que están tomando uns verdes do interior de Europa, que están decidindo sobre as costas españolas. Pero bueno, instar á Xunta de Galicia a algo que debe facer o goberno central, cuxo partido vostede representa e que esta gobernando en España. Imos votar a favor porque todo o que sexa prexudicial para os nosos pesqueiros

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

parécenos mal, pero pídolle que a próxima vez a presente por escrito, que a podamos ver cando vimos ver a documentación do pleno, para que podamos estudala e debatela.

Dona Patricia pide desculpas, porque lle chegou está tarde, pero non sabe se dous días é o prazo para as mocións, porque se poden presentar no momento, pero aínda así pide desculpas. En todo caso, dicir que o Goberno de España xa presentou esas demandas xudiciais, e pídeselle á Xunta de Galicia, e hoxe escoitou á Conselleira de Pesca chorando na radio, polo que debe estar bastante de acordo con esta moción.

Non habendo máis intervencións, procedese a votación co seguinte resultado.

Votacións:

Votos a favor: 11

2 PSdeG-PSOE

3 Partido Popular

5 Alternativa dos Veciños

1 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Votos en contra: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Abstencións: 0

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

0 No adscrito/a

0 Grupo Mixto

Resultado: Unanimidade.

Estado: APROBADA.



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**4.- Rogos e preguntas.**

Dona Florinda formula as seguintes preguntas:

- No pasado pleno preguntei á Secretaria de canto tempo tiña que tardar o Alcalde en contestar as preguntas que fago no Pleno e dixo que no Pleno seguinte debería contestar, as miñas preguntas son as que fixen durante dous anos e medio. E visto que vostede ten moito tempo para facer decretazos e para buscar o que votei en febreiro, o ano pasado e na outra lexislatura, pois igual ten tempo para mandar a alguén que busque todos os plenos ordinarios e busque as preguntas que lle fixen eu. Porque me merezo un respecto como concelleira, porque represento a unha parte de veciños do Concello de Carral, polo que cando eu pregunto é coma se preguntáselle un veciño. Esa prepotencia coa que vostedes nos tratan aquí, están a facelo cos veciños tamén. A miña pregunta é se vostede ten unha persoa que lle poida mirar todos os plenos ordinarios e que lle pase todas as miñas preguntas e que mas conteste no próximo pleno, ou antes por escrito.
- Quero solicitarlle ao señor Alcalde e fareino por escrito, probablemente mañá, presentareino por rexistro, que necesito que me poñan a disposición un informe técnico, do arquitecto municipal, do estado de todos os viais que pertencen ao Concello.

Dona Patricia formula a seguinte pregunta:

- Ao Concelleiro de deportes e á concelleira de educación, na reunión que tivemos comentamos o tema do portalón do pavillón do colexio, hoxe as 7:30 da tarde estaba pechado o portalón, hai unha demanda veciñal por parte dos usuarios, que a partir das 5:30 da tarde, cando xa no esta a disposición do colexio, que o portalón este aberto.

Don Francisco contesta que tivo unha reunión coa directora e quedaron en iniciar o proceso de abrir a partir das actividades, cando comezaran as actividades, o luns comezan, ata as 5:30 estará pechado e despois xa abre.

A señora Figaldo di que hoxe estaban entrenando e estaba pechado e don Francisco contesta que hoxe era o clube non era a actividade.

Dona Patricia di que na reunión o que se falou foi que cando estivera o pavillón operativo, pero non estivera a disposición do cole estaría o portal aberto.

Dona Margarita formula as seguintes preguntas:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Van a abrir a piscina do centro deportivo?
- Hai xente que tivo problemas cos recibos da Deputación, eu lles dixen que viñeran polo Concello e que lles axudaban a facer o escrito, e aquí parece que non se fan ese tipo de cousas.

O Alcalde pregunta de que era a documentación e dona Margarita contesta que era un recibo da Deputación que veu mal, a nome dalgún usuario que non é. O Alcalde lle contesta que o cambio de titularidade faise no Concello, sempre que a persoa poida aportalo.

Dona Margarita explica de novo, que o tema é un recibo de contribución que ven a nome dun titular e non ten esa propiedade, polo que para non pagar hai que presentar un escrito, pero a persoa en concreto non sabe facer o escrito e eu díxenlle que fose ao Concello, pero desde o Concello dixeron que non, que non se fan ese tipo de escritos.

O Alcalde di que non hai problema ningún, dona Margarita di, entón se alguén me pregunta podo dicir que lle fan aquí o escrito? Pero que quede claro que a resposta non foi esa.

- Ao concelleiro de obras, recordarlle un pino que temos nunha finca, cada vez esta máis inclinado e pode pasar calquera cousa e pode caer porque leva tempo así.

Don Jose Luis fórmula as seguintes preguntas:

- Por que vostede ten paralizado o Plan Xeral do Concello, que consideramos que un motor importantísimo para o desenrolo de Carral?
- Reitero a pregunta do mes pasado, de si se reunira co Alcalde de Cambre para intentar buscar unha solución?
- Relacionado co tema do polígono industrial, estes días chegoume un recorte, no que o Alcalde de Oleiros di que o Polígono Industrial ía saír grazas á xestión do actual equipo de goberno, que levaba 30 anos paralizado e que incluso daba a entender que tanto os socialistas, como os populares queriamos prevaricar e andar aí con vivendas para lucrarnos. A min me sorprende que fale do Concello de Carral unha persoa que non ten nada que ver co Concello, e dicindo barbaridades, en ningún momento desde que se decidiu que non fora solo residencial, no ano 2014 e desde que marchara a ministra de vivenda que se chamaba Trujillo, por fin puidemos desbloquear o tema este, e foi un erro delegar a xestión en SEPE porque vai a prolongarse moito no tempo e estamos convencidos de que se houbera solo industrial venderíase con facilidade e xeraría riqueza.


Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Habiamos quedado desde principios de ano que hai que falar con EMALCSA, vostede di que no hai convenio de ningún tipo e incluso atreveuse a dicir que non había un plan director, incluso pagouse 7.500 euros á Universidade, cando non debía facelo, porque no Pleno acordamos que non se debía gastar ese diñeiro porque para iso esta EMALCSA e temos convenio firmado no ano 2005 e ata o ano 2025 estamos dentro do que son os límites para que a xestión do saneamento e abastecemento de auga en Carral o xestione EMALCSA e vostede quedou de reunirnos aos distintos portavoces co director xeral de EMALCSA e estamos esperando.
- E unha obxección máis, estiven vendo os decretos dos dous últimos meses, e hai Xuntas de Goberno, que son máis transparentes e o fin delas e que tomen decisións os distintos membros do equipo de goberno e non decretazos como está facendo, porque aprobar facturas por cento e moitos mil euros por decreto non é a forma máis transparente de levar un Concello.
- E relacionado co que quedou pendente, debo dicirlle que sempre hai dúas quendas de intervención, e no tema do POS vostede apurou a votar a emenda, e eu son moi educado no protocolo das intervencións e intervín unha vez soa. E direille que no ano 2019, 18 de decembro de 2019, aprobouse o proxecto do saneamento de San Vicente de Vigo e nese momento o proxecto contaba con todas as bendicións, é certo que hai que actualizar os prezos, pero contaba cos informes sectoriais e con todo, e aínda así, hai os prazos para subsanar. Como lle dixen na reunión, a política é o arte de facer o posible, e o posible é xestionar ben e facer o saneamento de San Vicente de Vigo e o que non é tan posible e que teñan vostedes ese diñeiro para facer esas caquicaditas.

O Alcalde toma a palabra para contestar as preguntas do Pleno anterior.

Á señora Duarte, en cuanto a cuestión planetada por vostede e tal como aclarou a Secretaria no anterior Pleno, segundo o ROF as preguntadas plantexadas polos membros da corporación serán debatidas no Pleno seguinte sen prexuízo de que o poidan facer na mesma. Todas as preguntadas plantexadas por vostede nestes dous anos e medio aos que fai mención xa foron respondidas en posteriores plenos, tal e como comprobamos nas actas. Aínda así no caso de que entenda que algunha delas esta por responder, rógolle que a volva a plantexar.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)
*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100*
Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

Á señora Blanco, en relación coas obras dos proxectos de transición xusta o Alcalde dálle a palabra á señora Guimarey.

Dona Susana toma a palabra e di que a pregunta xa foi contestada por escrito, pero non obstante a contestará para que todos sexan coñecedores da resposta, o prazo para solicitar as axudas de transición xusta finalizou o 2 de agosto de 2022 e previamente a esta data houbo moito traballo e xestións das que dou conta. Existen tres liñas as que o Concello pode acceder, a liña B,C e D. Presentamos un proxecto a cada liña.

Bloque B va de 100.000 a 500.000, incluímos a renovación en parte do parque móbil, solicitáronse tres vehículos, un deles para policía e outros dous tipo furgoneta, para substituír o de cultura e o de obras e medio ambiente. Deste modo contribuímos á redución de $CO_2$ e reducirase o gasto de mantemento. Dotamos ademais de dúas unidades de carga eléctrica para estes vehículos.

Bloque C de 500.000 a 1.000.000, nesta liña incluímos unha das fases solicitadas á IDAE, como solicitou o voceiro do PSOE, unha soa, a fase I, denomínase o proxecto "Adecuación do espazo público central para unha mobilidade sostible e camiño escolar seguro" e houbo que adaptar o proxecto aos requisitos da convocatoria, introducindo infraestruturas dixitais e de innovación dirixidas a innovación e información municipal, tanto para os habitantes como posibles visitantes. Cito por exemplo que se instalará unha plataforma para coche compartido, plataformas para vehículos de carga eléctrica, puntos de información.

Bloque D de 1.000.000 a 4.000.000 nesta liña vai o proxecto de renovación da EDAR do Quenllo, ninguén duda da importancia e a urxencia deste proxecto, xa que a EDAR do Quenllo leva sen funcionar ben dende o ano 2010. Non trátase de construír unha EDAR tradicional, senón que introducimos innovacións como o aproveitamento das augas saenadas na EDAR para servizos secundarios, introducimos tamén a creación dunha EDAR artificial para o saneamento de grupos illados de poboación, o proxecto e complexo e o poden ver con detalle no Concello. Para este proxecto xa compramos as parcelas necesarias e xa temos o OK á subvención nominativa para a redacción do proxecto.

O Alcalde toma a palabra para contestar que en relación á pregunta do Pazo das Cadeas mantiveron unha reunión co titular da actividade a fin de comprobar a documentación da que dispón para a realización destas actividades, transmitíndolle a reclamación do veciño, sen que


Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ata esta data houbera máis reclamacións. Destacar que ao marxe da actividade foi requirido para que presente documentación e adapte a obra a fin de que poida ser autorizado polo servizo de patrimonio. En canto á denuncia polos ruídos xerados pola actividade, unha vez teñamos toda a documentación procederemos ao control de dito aspecto, xa que para iniciar o expedinte necesitamos datos obxectivos. Para o seguimento desta cuestión teñen os servizos técnicos e a Alcaldía a súa disposición.

A señora Fidalgo pregunta se lle contestaron ao veciño e o Alcalde contesta que aínda non.

Por último, en canto as preguntas emitidas polo señor Mouriño o Alcalde fai as seguintes contestacións.

- O PXOM non esta paralizado está en tramitación, xa temos informadas as alegacións presentadas e reunidos co redactor do plan, temos aceptadas máis dun 95% das presentadas e xa temos feito o inventario de camiños, en breve teremos todo para a súa aprobación o que non está son os deslindes cos Concellos de Cambre e Cerceda.
- En canto a segunda pregunta, falei co Alcalde de Cambre sobre os proxectos avanzados para sanear Andeira e Gosende, o que me dixo o señor Oscar foi que non hai nada en firme, que so se remitiu a petición de redactar un estudo a través de EMALCSA, para iso remitíronse planos dende o Concello de Carral, pero nin Cambre nin Carral fixo ningún proxecto.
- En canto a terceira pregunta, púxenme en contacto co señor Orejón de EMALCSA para propoñer unha reunión para tratar as obrigas que ten EMALCSA co Concello, e a súa resposta foi que se lera ben o convenio, que está todo moi claro. Incluso que EMALCSA comprometeuse a facer un plan director, tanto para o abastecemento, que xa esta feito, como para o saneamento e que este sería soamente unha guía, EMALCSA non ten a obriga de facer proxectos de execución de obras.

O señor Alcalde concédelle a palabra ao señor Bello, que di que gustaríalle facer dous rogos a señora Florinda, que vostede falou de respecto, pero a primeira que faltou ao respecto foi vostede e en canto ao POS terá que saber o que aproba o Pleno, porque aprobouse a proposta presentada polo PSOE, co voto do PSOE  e de vostedes, o señor Alcalde colleu o orde que presentaron vostedes, primeiro Barcia e logo Juan Seijas.

E alégrame que mencionara a palabra cacicadas o señor Mouriño, porque levamos pagando cacicaditas súas tres anos e falando delas, imos con outra, señor Mouriño, por que non

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)
*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100*
Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

se cumpriu o convenio asinado coa familia de Cabrois para ubicar o local social? Por que se ubicou o local social nunha parcela diferente da mencionada no convenio? Por que se fixo caso omiso ao informe do técnico municipal de urbanismo, no que di que a obra non se adecúa ao proxecto e que se fixo nunha parcela diferente? Por que se fixo caso omiso ao informe negativo da interventora municipal? Por que Por que se fixo sen autorizacións sectoriais, por exemplo a de augas de Galicia, que incumpre, por que formigonou encima dunha rega e colocou unha fosa séptica sen manter as distancias a unha fonte? Esta claro que nunca nos darían autorización para iso, por non falar de como se lle deu subministración eléctrica a ese local, porque a luz estaba enganchada ao poste.

E o devandito, tentamos legalizalo, pero non había por onde collelo, entón, a pregunta definitiva, agora cuantos cartos temos que tirar para retirar iso, Porque non podemos deixar entrar a ninguén porque non ten permisos, nin nolos van a dar. E iso non sos cacicaditas, predique co exemplo.

Dona Florinda pide a palabra por alusións, e lle contesta ao señor voceiro de Alternativa que igual se senten ofendidos e lles pide desculpas, aínda que non sabe porque. De todas formas sei perfectamente o que votei e espero que vostede se acorde do que votamos hoxe aquí, votamos trasladar a proposta de retirar os dous decretazos do Alcalde e aprobouse facer a segunda fase do saneamento de San Vicente, recorden que iso é o que teñen que transmitir á Deputación, non manobren por atrás.

Don Francisco contesta que o Alcalde ten as competencias que se aprobaron neste Pleno, se o fai e porque pode, igual que o POS que vostede votou.

Don Jose Luis toma a palabra para dicir que a lle sorprende que se chame cacicada a aproveitar unhas instalacións que no seu día foron para escola infantil e que conseguimos que a Xunta de Galicia as cederá e aproveitarmos para facer un local social, para que os veciños de Cabrois poderán reunirse e tamén teño que agradecer a familia Pose que nos cederá ese terreo para poder colocar esas instalacións, para facer o local social, nas cales fixemos unha obra civil e estou máis que orgulloso de que se fixera así. Pero dende marzo de 2019 ata hoxe e que aínda non teñan electricidade e non teñan contador a inoperancia é total. E pedirei esa documentación


Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

pola cal non se autorizou dita obra por Augas de Galicia, si sei que a solicitaron fai moi poucos meses e non sei a contestación, pero vólvolle dicir outra vez, a política é o arte de facer o posible, e ese local social de Cabrois está marabillosamente colocado e o único que nos costa e limparlle unha vez ao ano a esa persoa que nos deu ese terreo para colocar ese local, senón son capaces de xustificar que esa fonte que o caudal pasa e que o cemento que se puxo alí bloquea, a verdade é que pouco saben de gobernar.

Don Francisco toma a palabra para contestar ao señor Mouriño se contestou algunha das preguntas, conta a súa letanía de que é necesario, pero tamén é necesario facer moitas cousas, pero se non podo, hai que ser realista.

E por outro lado Augas de Galicia, 4/10/2019, estabamos nos, contactamos nos, máis 17/03/2021 os papeis non menten, Quere que lle leo o informe do técnico municipal do 3/6 aquí estaba vostede, "*Solicitude de informe sobre a realización de obras de anteproxecto de cimentación para o centro social provisional en Cabrois. Contrato de realización das obras do anteproxecto de cimentación para o centro provisional en Cabrois non foron adxudicadas. O técnico que subscribe este informe asinou e realizou o anteproxecto de cimentación para o centro social provisional en Cabrois, pero non realizou tarefas de dirección de obra das obras realizadas. Consideracións técnicas. Visita de comprobación. O técnico que subscribe este informe realizou visita de comprobación á parcela para a que se realizou o anteproxecto o día 3 do 6, podendo comprobar que no que se pode apreciar visualmente as obras foron realizadas conforme ao orzamento existente no proxecto, pero sen respectar as distancias sinaladas no anteproxecto. O anteproxecto para poder ser aprobado ten que ser autorizado por Augas de Galicia, o que aínda non sucedeu, toda vez que Augas de Galicia enviou un requirimento ao Concello para completar documentación o 8 de maio de 2019. Conclusións. Por tanto infórmase que as obras se realizaron conforme ao orzamento existente no anteproxecto, pero sen respectar as distancias sinaladas no mesmo*". Nos non é por non utilizalo que oxalá se puidera utilizar, pero Augas de Galicia non da o permiso.

Dona Florinda di que é ridículo o que acaba de ler e dona Margarita di que non lle contestaron se ían abrir a piscina, o Alcalde di que no próximo pleno.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CVD: XgvUqS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)**
*Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100*
Web://www.concellocarral.com Sede Electrónica://sede.carral.es Email: correo@carral.es

Ás 22:32 horas, o Sr. Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (5/2022) que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretario do Concello, dou fe.

| O ALCALDE | O SECRETARIO DO CONCELLO |
|---|---|
| Francisco Javier Gestal Pose | Eva Jardón López |



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: XgvUgS1j5IM0eAlJnRS2
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.